



Tirei unha naranxiña  
de Orense a Pontevedra.  
Adiós miña naranxiña,  
adiós miña naranxiña  
xa te vas poñer marela.

*VI 1649*

Eu casar, casar, caseime,  
ojalá non me casara.  
Eu casar, casar, caseime  
ojalá non me casara.  
De solteira roupa nova  
de casada remendada.

*VI 1487b*

A miña muller é vella  
de vella saqueille o coiro.  
A miña muller é vella,  
de vella saqueille o coiro.  
Fixen un pandeiro roto  
para corre-lo entroido.

- A da miña muller morreume tena? Ao mellor tela distinto.
- Pode ser.

Canta un home:

A miña muller morreume  
e enterreina no palleiro.  
Deixeille un braciño  
fora para tocalo pandeiro.

- Esa cantoulla Enrique o outro día pero ti non tiñas esa estrofa.
- Sí, esta teñoa tamén.

Eu quería-me casar-e,  
miña nai dime que é cedo.  
. Eu quería-me casar-e,  
miña nai dime que é cedo .  
Ela como está casada,  
non sabe as ghanas que eu teño.

Apaga o candil,  
María chuschús.  
Apaga o candil,  
que fai moita lus.



Que fai moita lus,  
que fai moita lus.  
Apaga o candil,  
María chuschús.

VI 528

Eu non quero home grande,  
que ao lonxe méteme medo.  
Pequeniño e ben feitiño,  
que sea roxo do pelo.

Que dirán, que dirán  
que dirán por ahí?  
Que te quero y te adoro  
y me muero por ti.  
Que dirán, que dirán,  
que dirán por ahí?